

RESOLUCION DE CONFLICTOS

- Draco, estamos chegando á fin da nosa viaxe polo Aloia.
Antes de marchar, quero que fales con alguén que te agarda
nesa fraga. Imos aproximarnos a ver se o vemos.

Andreia e Draco camiñaron un pouco, xa que o bosque estaba
densamente poboado e non podían voar entre as árbores.
Entre dous bidueiros, Draco divisou unhas patas traseiras de
cabalo, e avisou a Andreia.

- É ese o cabalo que estamos a buscar?

- Si, pero non é un cabalo, é un centauro! Ola Quirón! -saudou
Andreia.

O suposto cabalo xirouse, e Draco levou un bo susto: en lugar
de cabeza, tiña corpo de home. Draco nunca vira nada así,
pero o centauro enseguida sorriu e iso tranquilizou ao dragón.

